

CONVOCATORIA DE AXUDAS Á ETAPA INICIAL DE FORMACIÓN POSDOUTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECEMENTO 2011-2015 (PLAN I2C) ANO 2013

No [Diario Oficial de Galicia do día 15 de outubro de 2013](#) publicouse a orde do 2 de outubro pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa inicial posdoutoral do Plan Galego de Investigación, Innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C).

MODALIDADES D E AXUDAS

Modalidade A: Contrato dun **máximo de dous anos** de duración para a realización de estadias no estranxeiro e un **contrato de retorno dun ano de duración** nunha universidade do SUG.

Modalidade B: Contratos dun ano de duración, sen posibilidade de prórroga, nunha universidade do SUG, dirixidos ao persoal doutor investigador beneficiario dun contrato da convocatoria 2007 ou 2009 do programa Angeles Alvariño, nunha universidade do SUG, sempre que finalizase este programa e completase os 24 meses de estadias posdoutorais.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Establécense dous prazos de presentación de solicitudes:

MODALIDADE B

A documentación relativa a esta modalidade deberá ser presentada obrigatoriamente, **antes das 14 horas do día 8 de novembro de 2013** no rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, Santiago de Compostela ou no rexistro do Campus de Lugo sito no edificio da Biblioteca Intercentros.

[Anexos Modalidade B](#)

MODALIDADE A

A documentación relativa a esta modalidade deberá ser presentada obrigatoriamente, **antes das 14 horas do día 22 de novembro de 2013** no rexistro da Oficina de Investigación e Tecnoloxía, edificio Cactus, Campus Vida, Santiago de Compostela ou no rexistro do Campus de Lugo sito no edificio da Biblioteca Intercentros.

[Anexos Modalidade A](#)

PROCEDIMENTO DE FORMALIZACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán ser presentadas pola Universidade de Santiago de Compostela, para o que os investigadores candidatos deberán presentar, debidamente cumprimentados e, de ser o caso, asinados os seguintes modelos oficiais da convocatoria:

- **Formulario de solicitude**, Anexo III ou IV da convocatoria, (segundo corresponda)
- **Declaración da persoa candidata** Anexo VI da convocatoria
- **Aceptación no grupo de investigación** Anexo VII da convocatoria
- **Aceptación do departamento** Anexo VIII da convocatoria

Os formularios deberán acompañarse da seguinte documentación:

MODALIDADE A: Axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral ano 2013

- a) Fotocopia compulsada do título de doutor ou doutro acreditativo de ter alcanzado o dito grao no que conste a data da súa obtención. No caso de título de doutor obtido no estranxeiro, fotocopia compulsada da homologación ou da solicitude de homologación presentada ante o órgano competente.
- b) Fotocopia compulsada do título de licenciatura, grao ou equivalente. Esta documentación unicamente terá que entregarse se o título de licenciatura, grao ou equivalente foi obtido nunha universidade do SUG e o título de doutor nunha universidade de fóra do SUG.
- c) Currículo vitae do investigador candidato a ser destinatario da axuda nun modelo normalizado (formato pdf.) acompañado dos documentos xustificativos dos méritos alegados e as copias de publicacións ou documentos científico técnicos, contribucións a congresos, etc, que se citen no currículo vitae.
- d) Plan de traballo (cunha extensión de 1.200-2.000 palabras e asinado polo interesado e o coordinador do grupo de investigación, das actividades que o solicitante propón realizar durante a vixencia do programa.
- e) Plan de estadía detallado en que se indiquen os períodos de estadía previstos, a súa duración e os centros de destino escollidos. As estadías deberán ser dun mínimo de 6 meses en cada un dos centros seleccionados. Este plan terá que estar asinado pola persoa candidata a ser destinataria da axuda e o coordinador do grupo que figura na solicitude. Para cada un dos centros de destino engadírase carta de aceptación da estadía asinada polo director do centro ou figura equivalente.
- f) Declaración responsable de non ter sido seleccionado nos programas posdoutorais Angeles Alvaríño e Isidro Parga Pondal do Plan Incite, nos programas Juan de la Cierva e Ramón y Cajal e non ter gozado con anterioridade de ningunha axuda posdoutoral que recolla estadías en centros de investigación no estranxeiro de dous ou mais anos de duración (anexo VI) ou outros similares.

- g) Fotocopia do DNI/NIE (só no caso de non autorizar a comprobación de datos) ou, no caso de estranxeiros sen permiso de residencia, fotocopia do pasaporte.

MOI IMPORTANTE: A documentación á que fai referencias os puntos c), d) e e) debe achegarse en soporte CD ou similar

MODALIDADE B: Axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral ano 2013

- a) Currículo vitae do investigador candidato a ser destinatario da axuda no modelo normalizado (formato pdf.) acompañado dos documentos xustificativos dos méritos alegados xunto coas copias de publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos, etc, que se citen no CV. Sinalaranse de xeito expreso e detallado as melloras no currículo vitae durante o tempo contratado no programa Angeles Alvariño.
- b) Plan de traballo (cunha extensión de 1.200-2.000 palabras e asinado polo interesado e o coordinador do grupo de investigación, das actividades que o solicitante propón realizar durante a vixencia do seu contrato.
- c) Resumo das estadias realizadas para dar cumprimento ás esixencias do programa Angeles Alvariño 2007 ou 2009 en que se indiquen os períodos de estadia realizados, a súa duración e os centros de destino escollidos. Para cada uno dos centros de destino engadirase carta de xustificación da estadia asinada polo director do centro ou figura equivalente. Completarase cun breve resumo (cunha extensión de 1200-2000 palabras) sobre os principais obxectivos acadados durante as estadias e o seu grao de aproveitamento.
- d) Fotocopia do DNI/NIE (só no caso de non autorizar a comprobación de datos) ou, no caso de estranxeiros sen permiso de residencia, fotocopia do pasaporte.

MOI IMPORTANTE:

- ***Para poder emitir a certificación á que fai referencia a letra d) do artigo 4 do anexo II (Modalidade B), os interesados deberán achegar á Oficina de Investigación e Tecnoloxía, Edificio CACTUS, Campus Vida, Santiago de Compostela, as certificacións relativas ás estadias posdoutorais (24 meses) ata o remate do seu contrato do programa ANGELES ALVARIÑO.***
- ***A documentación á que fai referencias os puntos a), b) e c) debe achegarse en soporte CD ou similar***

REQUISITOS DOS CANDIDATOS

Modalidade A, os candidatos a esta modalidade de axuda deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter o título de licenciado, grao ou equivalente ou o título de doutoramento dunha universidade do SUG. Non obstante as persoas que non acadasen ningunha destas titulacións nunha universidade do SUG tamén poderán optar á axuda, aínda que o número máximo das que se poderán conceder neste suposto non poderá exceder o 10% do total das concedidas.
- Estar en posesión do grao de doutor e que este fose obtido en data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2008. Entenderase como data de obtención do título de doutor a data de lectura e aprobación da tese de doutoramento.

A data de obtención do título de doutor poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2008 pero igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2006, nos supostos contemplados no artigo 2 do Anexo I da convocatoria.

- Non ter sido seleccionado nos programas posdoutorais Angeles Alvariño e Isidro Parga Pondal do Plan Incite, nos programa Juan de la Cierva e Ramón y Cajal e non ter gozado con anterioridade de ningunha axuda posdoutoral que recolla estadias en centros de investigación no estranxeiro de dous ou mais anos de duración.

Modalidade B, os candidatos a esta modalidade de axuda deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter sido seleccionados para o programa Angeles Alvariño 2007 ou 2009 do plan INCITE, nunha universidade do SUG, e permanecer nel ata o seu remate.
- Ter completado o período de 24 meses de estadía posdoutoral ao final do programa correspondente de acordo coa súa respectiva orde de convocatoria.

DATOS DE INTERESE

Indícanse a continuación algúns datos de interese necesarios para cumprimentar a solicitude.

Razón Social:	Universidade de Santiago de Compostela
CIF da USC:	Q 1518001-A
Representante legal	Juan José Casares Long
NIF:	32.384.100 P
Enderezo	Praza do obradoiro s/n, 15782 Santiago de Compostela
Teléfono:	881811000 16201
Telefax:	881816203



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816218- Fax 881816203
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

Correo electrónico cittinfo@usc.es
Dirección: Edificio Cactus, Campus Vida
Código Postal: 15782 Santiago

Para consultar calquera dúbida sobre a convocatoria poderá poñerse en contacto:

Subdirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria: 881995155 // 881995152

OIT: Extensións 16215, 16253, 16252

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2013
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación